



MEDIO AMBIENTE

Los expertos piden a la Xunta que amplíe el catálogo de árboles singulares

■ La lista oficial sólo incluye por ahora 25 ejemplares en toda la provincia lucense. | **L12**

A lista oficial da Xunta só inclúe por agora 25 exemplares no territorio da provincia

Expertos piden ampliar o catálogo lucense de árbores singulares

O botánico Javier Guitián cre necesario incluír diversos conxuntos de especial valor

Francisco Albo

MONFORTE

■ Vinte e cinco árbores da provincia de Lugo figuran polo momento no Catálogo de Árbores Senlleiras recén aprobado pola Consellería de Medio Ambiente, as mesmas que estaban na lista provisional dada a coñecer o pasado ano. A lista elaborada pola Xunta ten unha sección dedicada ás chamadas formacións senlleiras, na que por agora só figuran os eucaliptos do Souto da Retorta, en Viveiro, dun total de 21 conxuntos de árbores de toda Galicia. Este inventario poderá ser ampliado no sucesivo con novos exemplares e non faltan expertos que opinen que polo momento deixou de lado moitas dos elementos máis notables do patrimonio vexetal da provincia. É o caso do botánico Javier Guitián, catedrático da Universidade de Santiago e un dos promotores da futura estación biolóxica do Courel, que xa ten previsto solicitar a inclusión de diversas árbores e conxuntos de árbores da montaña lucense. «Supoño que pronto haberá máis xente que faga o mesmo», comenta.

En opinión do biólogo, «crear un catálogo de árbores protexidas como este é unha iniciativa moi interesante, pero polo momento está moi incompleto, sobre todo no que se refire ás provincias de Lugo e Ourense. Na lista figuran sobre todo árbores de xardíns e de pazos, mentres que as árbores silvestres están escasamente representadas», engade. Ao seu xuízo, sería preciso catalogar tamén diversos castiñeiros centenarios da Serra do Courel e do Val do Lóuzara e numerosos exemplares singulares de carballos, teixos, sobreiras e outras especies que se encontran en diversos puntos da provincia.

Conxuntos

Polo que respecta aos conxuntos de árbores, Guitián pensa que habería que incluír no inventario, pola súa excepcionalidade e o seu valor ambiental, algúns grupos de acivros existentes na Serra dos Ancares e o faiedo de Fonteformosa, no municipio do Cebreiro. «Nas montañas lucenses está o límite occidental da distribución das faias en Europa e habería que destacar esa circunstancia, aínda que é certo que na zona



CARLOS RUEDA

UN TEIXO VENERABLE. Na localidade de Cereixido, en Quiroga, consérvase un impresionante teixo con varios séculos de antigüidade, que por agora non está incluído no catálogo de Medio Ambiente



INCLUIDO. O célebre Carballo do Herdeiro, en Carballo, figura na lista elaborada pola Xunta



CARLOS RUEDA

EXCEPCIONAL. O catálogo non inclúe por agora o bosque de faias de Fonteformosa, no Cebreiro.

cantábrica, en León e noutros lugares pode haber conxuntos de faias máis importantes que os de Galicia», puntualiza.

O científico, ademais, considera que o catálogo da Xunta podería consignar tamén o particular valor de determinados soutos situados nos municipios do Courel, As Nogais e Becerreá. Guitián suxire por outra parte singularizar certos conxuntos de árbores que se encontran en paraxes de recoñecido valor ambiental. «No bosque de Rogueira, no Courel, hai grupos de teixos e faias que por sí sós terían suficiente valor como para ser incluídos no inventario da Xunta», sinala a este respecto.

Exemplares centenarios xa inventariados anteriormente

■ No catálogo da Consellería de Medio Ambiente figuran cinco carballos centenarios do municipio de Carballedo: o carballo do pazo de Cartelos, o Carballo Grande do Mestre e os de Bustelo de Abaixo, Casa do Herdeiro e Casa Grande. Estes exemplares monumentais xa foran incluídos con anterioridade no catálogo *Leyendas vivas*, promovido pola Fundación Biodiversidad co apoio de diversas entidades, cuxo obxectivo é inventariar as árbores máis singulares de

todo o territorio español. Este catálogo inclúe por agora un total de 159 árbores situadas en Galicia. O inventario da Xunta recolle actualmente 106 árbores singulares no conxunto da comunidade.

Moitas das árbores catalogadas no proxecto *Leyendas vivas* son propostas por voluntarios. No caso dos carballos de Carballedo, foi o antigo concelleiro Orestes Suárez, xa falecido, quen indicou aos técnicos da Fundación Biodiversidad a existencia destas árbores.

Unha relación de monumentos naturais á que é posible facer novas achegas

■ O Catálogo Galego de Árbores Senlleiras, segundo indican os responsables da Consellería de Medio Ambiente, ten por finalidade inventariar e protexer «aqueles exemplares ou monteiras cuxa conservación sexa necesario asegurar polos seus valores naturais, culturais, científicos, didácticos, estéticos ou paisaxísticos». A consellería poderá decidir a inclusión de árbores ou conxuntos de árbores nesta lista independentemente de que estes xa se encontren en espazos naturais protexidos ou de que lles poidan aplicar réximes específicos de protección, como o de monumento natural ou paisaxe protexida.

A Consellería de Medio Ambiente ofrece a posibilidade de contribuír a incrementar este inventario propoñendo a inclusión de árbores e pequena formacións boscosas. O *Diario Oficial de Galicia* do pasado martes, no que se publicou o decreto de creación deste catálogo, inclúe un formulario para dirixir solicitudes deste tipo á Dirección Xeral de Conservación da Natureza.

Municipios

O catálogo elaborado pola Xunta comprende por agora 106 exemplares e 21 conxuntos de árbores. As vinte e cinco árbores singulares lucenses que figuran nesta lista encóntranse nos municipios de Baleira, Begonte, Carballedo, Castro de Rei, Cervantes, O Courel, O Incio, Foz, Lugo, Monforte, Navia de Suarna, Pantón, A Pobra do Brollón, Samos, Taboada, Vilalba, Viveiro e Xermade.

Na lista inclúense todo tipo de árbores que destacan especialmente polo seu tamaño, idade ou outros motivos, sen facer diferenzas entre as especies autóctonas e as orixinarias doutras latitudes. Deste xeito, no inventario figuran, ademais dos mencionados eucaliptos de Viveiro, un ciprés de California que se conserva no mesmo municipio e un ciprés de Lawson —unha especie procedente do oeste de Norteamérica— que medra en terras do Incio. Xunto a estas variedades exóticas, no apartado lucense do catálogo aparecen exemplares de carballo, rebolo, castiñeiro, freixo, amieiro, pradairo, plátano, ciprés e sobreira.